




actividades

DOUSMILCINCO



Inclúe ditames, informes e
Memoria sobre a situación económica e
social de Galicia 2005



 *Carta do presidente*

 *O Consello Económico e Social de Galicia*

Funcións

Órganos

Membros

Procedementos

 *Actividades 2005*

Actividade dos órganos colexiados

Actividade institucional

Participación na RTA

 *Organigrama técnico-administrativo*

Servizos técnicos e administrativos


O Centro de Documentación

 *Traballo 2005*

Ditames

Informes

Memoria sobre a situación económica e social de Galicia



Carta do presidente

A actividade do Consello Económico e Social de Galicia en 2005, como órgano consultivo do executivo galego, estivo marcada pola celebración das eleccións autonómicas do mes xuño. Resulta obvio que un ano no que se celebran eleccións autonómicas non pode ser de gran actividade nun organismo destas características. Desde que se dissolve o Parlamento e, en consecuencia, decaen todos os anteprojectos que estaban pendentes de ditamen, ata que o Goberno que sae das urnas comeza a súa actividade lexislativa prodúcese unha especie de val no traballo consultivo.

O exemplo máis claro é o feito de que, nese período só tiveron entrada dous proxectos normativos para ser ditaminados. En total, o Consello aprobou catro ditames en 2005. O ano que entra será, estou seguro, moito máis activo.

Dado este condicionante, o traballo de CES-Galicia centrouse nos informes por propia iniciativa, a colaboración con organismos homólogos na Rede Transnacional Atlántica (RTA) e na elaboración da súa Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2005.

O primeiro informe aprobado polo Pleno en 2005 foi a sexta entrega da serie sobre as áreas funcionais de Galicia, adicado a área funcional da Mariña lucense. Tamén foi aprobado e publicado un traballo con consideracións sobre a Avaliación dos efectos económicos provocados polos vertidos de fuel do buque *Prestige*. O terceiro informe do ano foi unha pormenorizada análise das causas e consecuen-

cias dos incendios forestais en Galicia. Todos estes traballos, xunto coa nosa Memoria sobre a situación económica e social de Galicia, inclúense a texto completo na presente Memoria de actividades.


Este ano a Memoria Galicia 2004 foi amplamente comentada nos medios de comunicación e, por qué non dicilo, a nivel político. Nuns casos salientouse o que eu entendo que é o máis importante, que foi o crecemento de Galicia tres décimas por riba da media española; noutros, destacou o baixo nivel de converxencia da economía galega con España e Europa, con toda unha controversia segundo as fontes utilizadas. O rebumbio estatístico foi quedando aclarado en distintas intervencións públicas.

Por outra banda, cómpre destacar que o Consello Económico e Social de Galicia ven participando desde a súa creación na Rede Transnacional Atlántica, composta polos consellos económicos e sociais das rexións do Espazo Atlántico europeo e por organismos análogos. Froito do traballo conxunto foi a publicación en 2005 dos tres primeiros informes desta agrupación. Trátase de tres informes que ofrecen un diagnóstico compartido e propostas concretas de actuación sobre a seguridade do transporte marítimo de mercadorías; a intermodalidade no transporte de mercadorías, portos e hinterland; e a transferencia de tecnoloxía e a innovación como claves para a cooperación entre as rexións do Arco Atlántico.

O obxectivo común destes traballos, que se presentaron en setembro en Bruselas, é favorecer a integración das rexións atlánticas, reforzar a súa competitividade e acadar unha maior cohesión social e territorial na Europa futura.

O ano rematou e teño a impresión de que no Consello Económico e Social de Galicia estamos a facer as cousas razoablemente ben. E, na miña opinión, isto débese ao bo clima acadado, que foi unha laboura de todos e que eu agradezo a todos e cada un dos membros do Pleno. Estou seguro que, sobre estas bases, o balance do vindeiro ano, no que o Consello cumprirá os seus primeiros dez anos de funcionamento, será igualmente positivo.

Pablo Egerique Martínez
PRESIDENTE



O Consello Económico e Social de Galicia

O Consello Económico e Social de Galicia é un **órgano consultivo** da Xunta en materia económica e social. Foi creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopcións de decisións por parte do Executivo autonómico.

No CES está representado un amplo número de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo –desde os sindicatos ás Universidades, dos pescadores ás organizacións de consumidores–, o que lle confire o seu especial carácter de **foro permanente de diálogo** e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para o exercicio da súa función consultiva. Este labor aplícase non só á actividade normativa gubernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñan propostas encamiñadas a unha eventual introducción de reformas no ordenamento vixente.

O Consello é un organismo **independente** dos poderes da Comunidade Autónoma. Na súa composición, a diferencia do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello Económico e Social son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do Consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos ou plans xerais o sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

O Consello Económico e Social está formado por **35 membros**: tres grupos de 11 membros, máis o presidente e o secretario xeral.

- **Grupo I:** Os seus once membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, 4 membros corresponden a Comisións Obreiras de Galicia, 4 a UGT-Galicia e 3 membros á Confederación Intersindical Galega.

- **Grupo II:** Corresponde ás **organizacións empresariais** que gocen de capacidade representativa. Os seus once membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.

• **Grupo III:** Acolle a **outras entidades e asociacións**. O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, 2 membros de Xóvenes Agricultores, 1 de Unións Agrarias e 1 do Sindicato Labrego Galego); 2 membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas Confrarías de Pescadores; 2 membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; e 3 representantes das Universidades galegas.

Cada un destes membros ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. O mandato dos membros do Consello é de catro anos, renovables por períodos iguais. As organizacións designantes poden cambiar os seus representantes en calquera momento.

Funcións

1.- Emitir ditames (preceptivos ou facultativos) sobre proxectos de disposicións normativas e plans xerais ou sectoriais.

É obrigatorio para a Xunta de Galicia solicitar ditame sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social da comunidade autónoma (agás o proxecto de Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, expresamente excluído); sobre plans xerais ou sectoriais que teñan relación con eses mesmos eidos; proxectos normativos que afecten á organización, competencias ou funcionamento do CES; ou materias que

teñan que ser consultadas ao Consello por precepto expreso dunha lei.

2.- Elaborar estudos ou **informes** sobre a realidade socioeconómica e posibles reformas na normativa vixente ou sobre a elaboración de plans e programas para favorecer o desenvolvemento económico e social de Galicia.

3.- Dar a coñecer ó Goberno galego a súa **opinión** sobre a execución de plans e programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

4.- Participar en **mesas sectoriais** xunto con representantes da Administración autonómica para debater problemas específicos que afecten a sectores estratéxicos de Galicia e definir posibles liñas de actuación.

5.- Elaborar e remitir anualmente ó Consello da Xunta unha **Memoria sobre a situación económica e social** de Galicia, na que poden incluírse recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria.

Órganos

Para o cumprimento das súas funcións e para a participación efectiva dos seus membros nos distintos traballos que aborda o Consello, o CES-Galicia actúa a través dos seguintes órganos:

- **Órganos colexiados:** o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais.

- **Órganos unipersonais:** o Presidente e o Secretario Xeral.

O Consello conta, como **órgano de apoio** aos seus membros, cun Gabinete Técnico integrado por expertos en materia socioeconómica.

O PLENO.- O órgano de goberno do CES é o Pleno, composto polos 33 membros representantes das distintas entidades e organizacións, o presidente e mailo secretario xeral. Tódolos membros teñen dereito a voto nas sesións, agás o secretario xeral. O Pleno adopta as súas decisións por maioría simple de votos e os casos de posible empate resólvense polo voto de calidade do seu presidente.

O Pleno reúnese con carácter ordinario unha vez cada trimestre e, de xeito extraordinario, sempre que sexa convocado polo presidente ou por acordo da Comisión Permanente.

As súas funcións principais son establecer as liñas xerais de actuación do Consello, aprobar os dictames, informes ou informes-opinión elaborados por propia iniciativa ou a petición da Xunta, acordar a elaboración de informes e aprobar a Memoria anual sobre a situación económica e social.

A COMISIÓN PERMANENTE.- A Comisión Permanente é o órgano colexiado colaborador do Pleno no goberno do Consello. Está

composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares do Consello, tres de cada grupo.

Reúnese sempre que é convocada polo presidente, pero tamén, se é o caso, por solicitude de, alomenos, tres dos seus membros. A Comisión Permanente é a encargada de convocar o Pleno e fixar, xunto co presidente, a correspondente orde do día da sesión.

Entre as súas funcións, destaca a supervisión das actividades do Consello e a coordinación dos traballos das diferentes comisións, así como efectuar o seguimento dos ditames, estudos ou informes nos que traballe o CES e darlle conta dos mesmos ao Pleno a través do presidente. En xeral, a Comisión Permanente eleva ao Pleno todo o que estima necesario para o mellor funcionamento do Consello.

AS COMISIÓNS SECTORIAIS.- As comisións sectoriais son os grupos de traballo que abordan a elaboración dos estudos, ditames ou informes do CES-Galicia. Catro comisións teñen carácter permanente e tratan os seguintes asuntos:

- CS-1: *Economía, emprego e sectores productivos.*
- CS-2: *Sector público e benestar social.*
- CS-3: *Desenvolvemento rexional.*
- CS-4: *Memoria anual sobre a situación socioeconómica.*

Cada unha delas está composta por nove membros, tres por cada un dos grupos representados no Pleno.

O PRESIDENTE.- O Presidente é a máxima representación do Consello, apoiado pola Comisión Permanente. É nomeado polo presidente da Xunta de Galicia por un período de catro anos, por proposta conxunta dos conselleiros de Economía e Facenda e de Relacións Laborais, logo de consultar ás entidades, organizacións e asociacións representadas no CES.

As súas principais competencias son representar ao Consello e dirixir as súas actuacións, dirixir os debates dos órganos colexiados nos que participa, someter a votación as propostas e proclamar os resultados, dirimir eventuais empates co seu voto de calidade, remitir os traballos ao presidente da Xunta de Galicia e os conselleiros, executar os acordos do Pleno ou a Comisión Permanente e velar polo bo funcionamento do Consello.

O SECRETARIO XERAL.- O secretario xeral é o órgano de asistencia técnica e administrativa do Consello e o depositario da fe pública dos seus acordos. É nomeado polo Consello da Xunta de Galicia, entre funcionarios do grupo A, por proposta conxunta dos conselleiros de Economía e Facenda e de Relacións Laborais, logo de consultar ás entidades, organizacións e asociacións representadas no CES.

O secretario xeral exerce a dirección administrativa e técnica dos distintos servizos do Consello e vela por que os seus órganos actúen consonte aos principios xerais que informan as actuacións das administracións públicas. Entre outras funcións, redacta as actas das sesións, ás que asiste con voz pero sen voto, e autoriza coa súa sinatura e dá o curso correspondente aos acordos que se adopten. Tamén

custodia a documentación, exerce a xefatura de persoal do Consello e a dirección do Gabinete Técnico.

O GABINETE TÉCNICO.- O Gabinete Técnico é un órgano de apoio ó Consello. Os seus profesionais, expertos economistas, encárganse da elaboración dos materiais estatísticos e normativos que necesitan os distintos traballos abordados polo CES.

Os membros do Pleno

O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia estaba composto, a 31 de decembro de 2005 (cómpre lembrar que as organizacións e entidades poden cambiar os seus representantes no Consello sempre que o estimen oportuno), polos seguintes membros titulares, organizados nos tres grupos:

Presidente: Pablo Egerique Martínez

Secretario xeral: Eliseo Sastre Serrano

GRUPO 1: Organizacións sindicais

S.N. CC.OO. de Galicia	Clara Gamarra Lozano
	José Eusebio Justo Santos
	Eva Aldariz Arias
	J. Manuel Fernández Pérez

Sindicato UGT-Galicia	Manuel Golpe Gómez Delia Irene Martínez Conde Vicente Calvo Loureiro José Antonio Gómez Gómez
-----------------------	--

CIG	Fernando R. Acuña Rúa Bautista Vega Tato Natividade López Gromaz
-----	--

GRUPO 2: Organizacións empresariais

CEG	Fausto Santamarina Fernández Ricardo Fernández Castro José Manuel Fernández Alvariño Manuel Caeiro Varela Pablo Rancaño Otero Manuel Sánchez Aguirre Fco. Javier García de Paredes Moro José María Hidalgo González Ricardo Hoya Jiménez Antón Arias Díaz Eimil Carlos González Fernández
-----	---

GRUPO 3: Outras entidades e asociacións

Unións Agrarias	Rosa Arcos Caamaño
S. Labrego Galego	Manuel Dacal Vázquez

Xóvenes Agricultores	Antonio de María Angulo Manuel D. Fontela Ríos
Confrarías (baixura) (marisqueo)	Evaristo Lareo Viñas Manuel Pazos Vázquez
C.G. Consumidores e U.	Aurora Lamas López M ^a Josefa Neira González
Univ. da Coruña	Ángel Fernández Castro
Univ. Santiago Comp.	Miguel Vázquez Taín
Universidade de Vigo	Albino Prada Blanco

Cada un dos membros do Pleno (agás o presidente e o secretario xeral) teñen un suplente para cubrir as súas posibles ausencias ás reunións dos órganos colexiados. Os **membros suplentes** do CES-Galicia, tamén a 31 de decembro de 2005 , eran os seguintes:

GRUPO 1: Organizacións sindicais

S.N. CC.OO. de Galicia	Maica Bouza Seoane Francisco Carrera Pérez Auri Vázquez Estraviz Manuel Lago Peñas
------------------------	---

S.indicato UGT-Galicia	Ernesto Fontanes Blanco J. Manuel Morgade Méndez Mar Alfonsín Madrigal Julia Martínez González
------------------------	---

CIG	Xavier Rodríguez Fidalgo Manuel Currás Meira Héctor López de Castro
-----	---

GRUPO 2: Organizacións empresariais

CEG	José Manuel Maceira Blanco Araceli de Lucas Sanz Laura Otero Rúa José Antonio Neira Cortés Mar Vázquez Fernández Marta Amate López Javier Martínez López Rosa Corral Regueiro Rafael Serrano Hernández Eugenio Corral Álvarez J. Manuel Rodríguez Tarrío
-----	--

GRUPO 3: Outras entidades e asociacións

Unións Agrarias	Alba Torreira Puga
-----------------	--------------------

S. Labrego Galego	María José Rodríguez Morodo
-------------------	-----------------------------

Xóvenes Agricultores	Andrés Novo Lombao Isabel Manzano Maceira
Confrarías (baixura) (marisqueo)	Jesús R. Longueira Suárez Fco. Javier Martínez Durán
C.G. Consumidores e U.	Victoria Pardo Télez Olga Pereira Penedo
Univ. da Coruña	Gustavo Rego Veiga
Univ. Santiago Comp.	X. Manuel Villanueva Prieto
Universidade de Vigo	José Enrique Vázquez Vicente

■ ■ ■

Procedementos

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello Económico e Social de Galicia, é dicir, as competencias do CES, son as materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo o acordo tomado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de febreiro de 1999, *"enténdese por materias socioeconómicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo"*.

O procedemento externo

O procedemento establecido para que o Goberno galego solicite a actuación consultiva do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión, nos seguintes termos:

"1.- Correspóndelle ao Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de ditames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellerías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesaran do presidente da Xunta.

A petición de dictames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellerías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren ditame preceptivo do CES-Galicia, xustificarán o dito extremo mediante a incorporación ao expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o ditame, salvo no caso de que este finalmente se interese.”

Procedementos internos

O seu Regulamento de Réxime Interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22 de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o procedemento xeral como os distintos procedementos específicos.

- Procedemento xeral:

O procedemento xeral iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun ditame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ao presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. Á vez, notifícase esa remisión aos membros da Comisión Permanente.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera máis oportuno, sempre contando co apoio dos servizos técnicos do Consello, en particular do Centro de Documentación e do Gabinete Técnico. Se se estima necesario, pode contar co asesoramento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactada unha proposta de ditame (os informes ou estudos iniciados por propia iniciativa seguen un proceso similar, agás na súa orixe), entrégaselle ao presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello.

No caso de que a aprobación corresponda ao Pleno (que é o habitual), a Comisión Permanente limitarase a coñecer o texto remitido pola comisión sectorial e convocar a celebración da sesión plenaria. Antes da data sinalada para a mesma, os membros do Consello poden presentar as enmendas que estimen oportunas ao texto proposto. Se se trata de enmendas totais, éstas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posibles enmendadas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sométese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficiente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

- Procedementos específicos:

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio procedemento específico de elaboración aprobado pola Comisión Permanente, que son lixeiras variacións respecto a este esquema xeral para adaptalo ás características concretas dos informes, ditames, informes-opinión ou a Memoria socioeconómica.

- Procedemento da mesa sectorial específica de cooperación:


A mesa sectorial específica de cooperación do CES, aos efectos da súa participación no Comité de Seguimento do Programa Operativo de Galicia para o período 2000-2006, ten o seguinte procedemento específico:

1. A mesa sectorial específica de cooperación do CES reuniráse con carácter ordinario antes das reunións dos Comités de Seguimento, de acordo co artigo 3º.- *Coordinación cos interlocutores económicos e sociais*, do Regulamento Interno do Comité de seguimento do programa operativo de Galicia para o período 2000-2006.

Artigo 3º.- Coordinación cos interlocutores económicos e sociais.

"A participación dos interlocutores económicos e sociais no seguimento do Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006, prevista no artigo 17.2.d) do Regulamento (CE) 1260/1999 e no apartado 6.3.3. das disposicións de aplicación do dito programa, levarase a cabo mediante convocatorias expresas cursadas á Mesa sectorial Específica de Cooperación do Consello Económico e Social de Galicia para as reunións do Comité de Seguimento. A Mesa, á vista da orde do día da sesión do Comité, determinará a asistencia dun máximo de catro interlocutores económicos e sociais nela representados".

2. As reunións da mesa sectorial específica de cooperación do CES serán convocadas pola Presidencia, alomenos cunha semana de antelación á data da reunión de dita mesa, remitindo, coa convocatoria, a orde do día, a documentación recibida a utilizar no Comité de Seguimento e a documentación dispoñible que se considere oportuna.



Actividades 2005

Para recoller polo miúdo as actividades do Consello Económico e Social de Galicia en 2005, distinguirase entre as actuacións dos seus órganos colexiados (comisións sectoriais, Comisión Permanente e Pleno), a actividade institucional e relacións coa Xunta de Galicia e os outros CES e, nun terceiro apartado, a participación do CES-Galicia na Rede Transnacional Atlántica na elaboración e presentación dos seus tres primeiros estudos, nos que este organismo tivo un salientable protagonismo.

Actividade dos órganos colexiados

Como é habitual ano tras ano, a actividade das diferentes comisións sectoriais foi moi variada, condicionada polos distintos eidos aos que adican o seu labor:

- A Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e sectores productivos*, celebrou 12 sesións de traballo.
- A Comisión Sectorial nº 2, Sector público e benestar social, foi convocada para 5 sesións.
- A Comisión Sectorial nº 3, Desenvolvemento rexional, reuniuse en 14 sesións ao longo de 2005.
- A Comisión Sectorial nº 4, Memoria socioeconómica de Galicia, rematou o ano con 6 sesións.

Pola súa banda, a Comisión Permanente do organismo celebrou 10 sesións, mentres que o Pleno foi convocado a 5 sesións.

A Mesa Sectorial Específica de Cooperación foi convocada en dúas ocasións neste ano.

Comisión Sectorial nº 1

A Comisión Sectorial nº 1 comezou o ano cunha sesión no mes de xaneiro encargada, entre outros asuntos, de establecer un índice inicial e a programación das sesións de traballo para a redacción dun informe sobre análise, balance e propostas sobre incendios forestais.

Este asunto, de singular importancia en Galicia, foi o principal cometido desta comisión nos primeiros meses do ano, ata a aprobación da proposta de informe no mes de xuño. De xeito paralelo, a comisión viña traballando noutro eido tamén moi destacado: a segunda sesión do ano adicouse ao estudo do informe de avaliación dos efectos económicos provocados polos verquidos de fuel do buque Prestige e a programación das sesións para a elaboración do informe propio do CES-Galicia sobre ese asunto.

A CS-1 foi tamén a encargada, dada a súa competencia por razón de materia, de elaborar o ditame solicitado ao CES-Galicia sobre o anteproxecto de Lei de comercio interior de Galicia. Cando os traballos ían avanzados, o procedemento decaeu pola disolución do Parlamento, a convocatoria de eleccións autonómicas e o cambio no Goberno da Xunta.

Xa cun novo Executivo, esta Comisión recibiu o encargo de elaborar a correspondente proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1997, de caza de Galicia e sobre o pro-

xecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia. Ambas propostas foron rematadas e elevadas ao Pleno para a súa aprobación na sesión celebrada o 28 de novembro.

Ao remate do ano, a Comisión Sectorial nº 1 está a traballar, despois de analizar algunhas cuestións metodolóxicas previas, na planificación dos traballos para a elaboración dun informe sobre Análise do sistema productivo de Galicia, que incluírá un diagnóstico da situación actual e eventuais propostas de futuro.

Comisión Sectorial nº 2

A Comisión Sectorial nº 2 arrincou cos traballos para a elaboración da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de protección ambiental integrada de Galicia, ditame que foi aprobado o 29 de abril polo Pleno.

Comezaron tamén os traballos de estudio de varios anteproxectos de Lei de creación de distintos colexios profesionais en Galicia, aínda que tamén foron devoltos ao Executivo. Nembargantes, estes anteproxectos, con mínimas modificacións volveron a entrar para ditame do CES-Galicia o pasado decembro. A Comisión Sectorial xa foi convocada para xaneiro de 2006 para tratar estas solicitudes.

Polo procedemento de urxencia, tramitouse a solicitude de ditame sobre o anteproxecto de decreto lexislativo polo que se apro-

ba o texto refundido da Lei galega de medidas básicas para a inserción social. O correspondente ditame foi tamén aprobado polo Pleno neste ano.

Comisión Sectorial nº 3

Os primeiros traballos da Comisión Sectorial nº 3 en 2005 estiveron adicados á elaboración dun informe-opinión solicitado sobre o documento de avance das Directrices de ordenación do territorio de Galicia. Neste marco, compareceu o director xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para explicar o documento. Logo de sucesivas sesións de estudo do documento, a proposta de informe-opinión foi aprobada na sesión do 2 de xuño.

Á vez, a comisión estaba a traballar nas consideracións á sexta entrega da serie de informes sobre as áreas funcionais de Galicia, a que se dedicou á área da Mariña lucense. A correspondente proposta de informe foi aprobada na sesión celebrada o 14 de febreiro e elevada ao presidente do CES-Galicia para a súa correspondente tramitación.

Esta comisión foi tamén a encargada de recibir información sobre os avances do estudo da RTA sobre "Investigación, innovación e transferencia de tecnoloxía". As consideracións aportadas polos membros da comisión foron discutidas na sesión de mediados de maio.

A serie sobre as áreas funcionais ocupa na actualidade de novo

os traballos da CS-3. Nesta ocasión, a zona obxecto de estudo é a área funcional de Lalín, no que será a sétima entrega da serie. Previsiblemente, a proposta de informa poderá ser aprobada nos primeiros meses de 2006.

Comisión Sectorial nº 4

A Comisión Sectorial nº 4 adícase en exclusiva á elaboración da Memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia, un labor que a súa Lei de creación encarga ao Consello.

Cun sistema de traballo xa moi asentado, e aínda que houbo algúns cambios de calado na memoria deste ano, foi quen de aprobar a súa proposta despois de 6 sesións de traballo.

Comisión Permanente e Pleno

Estes dous órganos colexiados cumpriron, nas súas sesións, os cometidos que lles asigna a normativa, dando o trámite correspondente ás distintas propostas das sectoriais e aprobando as mesmas, nas sesións plenarias, para a súa remisión ao Goberno autonómico.

Ademais, como establece o regulamento do Consello, tomaron decisións sobre todos os asuntos de funcionamento do organismo, sobre as súas iniciativas e propostas de traballo.

Actividade institucional

A actividade institucional do CES-Galicia está protagonizada fundamentalmente polo seu presidente, como representante do Consello diante doutras institucións ou organismos, sexa a Xunta de Galicia (neste ano particularmente polo cambio do seu presidente), o Parlamento ou os outros CES. As veces, o secretario xeral cumpre tamén un papel neste eido, fundamentalmente na relación con organismos homólogos ou no traballo cotián.

Como cada ano, o presidente compareceu na Comisión de Economía do Parlamento de Galicia para dar conta do orzamento previsto para o vindeiro ano. Como é habitual, os distintos voceiros dos grupos gabaron a actividade do organismo no último ano e a súa independencia e estimaron que o proxecto económico presentado era axustado aos fins e obxectivos do Consello. Esta comparencia tivo lugar o 14 de novembro.

O encontro anual dos presidentes e secretarios xerais dos Consellos Económicos e Sociais celebrouse este ano en Barcelona. O presidente e o secretario xeral do CES aproveitaron a ocasión, os días 21 e 22 de abril, para compartir experiencias e, en particular, para falar da organización por parte do CES-Galicia da terceira edición das xornadas de traballo que ían celebrar os técnicos de documentación e comunicación, das que Galicia sería escaño. Pola súa importancia, a información sobre estas xornadas recóllese no apartado adicado ao Centro de Documentación.

Compromisos ineludibles contraídos con anterioridade, impedi-

ron aos representantes do CES-Galicia participar no encontro organizado polo CES de Castela-A Mancha en setembro.

A meirande parte dos actos nos que participa o CES-Galicia celébrase na súa sede de Santiago de Compostela. Nalgunhas ocasións, sen embargo, estímase necesario acudir a outros lugares da xeografía galega para achegar o organismo aos cidadáns. Este foi o caso da presentación do informe do Consello sobre a área funcional da Mariña lucense, que tivo lugar en Viveiro o 5 de abril, con nutrida presenza dos medios locais e de representantes dos concellos da zona.

No marco dos traballos de reflexión e estudo do documento de avance das directrices de ordenación do territorio de Galicia, o día 7 de febreiro compareceu diante do Pleno do organismo o director xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Ordenación do Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que explicou polo miúdo o contido do mesmo. Este tipo de comparecencias, solicitadas polo comparecente ou a petición dos membros dunha determinada comisión, son unha das formas para que os representantes das organizacións e entidades que compoñen o Consello teñan puntual información de primeira man dos asuntos que están a tratar.

Outra das fronteiras de actuación institucional do presidente foi a viaxe a Bruxelas para a presentación, no marco do Comité das Rexións, dos traballos da Rede Transnacional Atlántica, que tivo lugar o día 21 de setembro. Esta participación está recollida de seguido, xunto cun resumo dos tres estudos presentados.

Participación na RTA

Unha parte importante da actividade do CES-Galicia en 2005 adicouse á participación nos grupos de traballo que elaboraron os tres primeiros informes Rede Transnacional Atlántica, plataforma de cooperación interrexional composta por 14 membros, mesmo coa presidencia de dous deles a cargo de representate deste Consello.

A Rede Transnacional Atlántica (RTA), composta polos Consellos Económicos e Sociais das rexións do Espazo Atlántico europeo e por organismos análogos, presentou neste ano os tres informes nos que viña traballando desde a súa constitución. Trátase de tres traballos que ofrecen un diagnóstico compartido e propostas concretas de actuación en torno á seguridade do tráfico marítimo de mercadorías: á intermodalidade no transporte de mercadorías, portos e hinterland; e á transferencia de tecnoloxía e innovación como chaves para a cooperación entre as rexións do Arco Atlántico.

O obxectivo común destes traballos, que foron presentados en Bruselas na sede do Comité das Rexións, é favorecer a integración das rexións atlánticas, reforzar a súa competitividade e acadar a cohesión social e territorial da Europa futura.

Os estudos e as súas conclusións son froito do traballo mancomunado dos socios rexionais na RTA: os Foros Económicos do País de Gales, na Gran Bretaña; os Consellos Económicos e Sociais rexionais franceses de Bretaña, Pays de la Loire, Centre, Poitou-Charen-

tes, Limousin e Aquitaine; os Consellos Económicos e Sociais do País Vasco, Cantabria, Galicia e Canarias, en España; e mais o Instituto de Soldadura e Qualidade (ISQ) e a Unión Sindical de Asalariados do Algarve/CGT-Intersindical Nacional(USALGARVE/CGT-IN), en Portugal.

De seguido recóllese un resumo das principais características destes estudos. Para máis información pode consultarse o sitio web da organización, en **www.rta-atn.org**.

“Seguridade no transporte e tráfico marítimo de mercadorías”

Grupo de Traballo: Accesibilidade

Presidente: Santiago Lago Peñas, CES-Galicia

(Non aparece na relación de membros a 31 de decembro porque deixou o Consello, por outros compromisos profesionais, unhas semanas antes.)

Vicepresidencia: Robert Sanquer, CESR de Bretaña

Poñente: Pierre Delfaud, CESR de Aquitania

O estudo artéllase en tres partes diferenciadas. A primeira parte recolle unha síntese da lexislación internacional e europea que afecta ao transporte marítimo de mercadorías e detalla os convenios vixentes nos diferentes eidos de prevención, xestión das crises, responsabilidades e indemnizacións. Tamén compara os diferentes procedementos que se aplican na UE e nos Estados Unidos.

Nunha segunda parte analízase a aplicación das políticas de seguridade marítima en cada un dos países integrados na RTA (Reino Unido, Francia, España e Portugal) e tamén se detallan os dispositi-

vos existentes en materia de seguridade marítima no ámbito nacional, rexional e interrexional.

A terceira parte do estudio conclúe coas propostas do grupo de traballo, que se abordan desde catro vertentes distintas:

- a vertente regulamentaria, referida ao marco xurídico e a súa aplicación, onde se recomenda evitar normativas suplementarias e rexirse por un marco claro, unificado e operativo.

- a vertente humana e social, que inclúe propostas relativas á formación, á preparación profesional e ás condicións de traballo e o control das mesmas.

- a vertente económica, que contempla as cuestións referidas á responsabilidade, ás indemnizacións e ao investimento en prevención. Neste aspecto, o estudio insta aos operadores do transporte marítimo a que invistan na seguridade dos buques e eviten deste xeito as fortes indemnizacións que deberían afrontar no caso de provocar un incidente de contaminación.

- a vertente cultural e organizativa, que aboga polo desenvolvemento dunha auténtica "cultura da seguridade". O grupo de traballo fai fincapé na necesidade de que a investigación e a innovación mellores os coñecementos en seguridade marítima. Neste senso, considera indispensable a coordinación entre os Estados membros para elaborar plans de prevención e intervención diante das crises que poideran xurdir.

O estudio recalca que a seguridade marítima non compete exclusivamente aos poderes públicos centrais e que, a escala rexional, as poboacións afectadas deben ser incorporadas aos plans de intervención, coa participación das autoridades locais e asociacións especializadas.

**"A intermodalidade no transporte de mercadorías:
portos e hinterlands, transporte marítimo e cabotaxe."**

Grupo de Trabajo: Accesibilidade

Presidente: Santiago Lago Peñas, CES-Galicia

Vicepresidencia: Robert Sanquer, CESR de Bretaña

Poñentes: Stuart Cole, Foros Económicos do País de Gales e
Armand Villa, CESR da Rexión Centro

O traballo arrinca cunha reflexión en torno aos factores que inciden no transporte marítimo no Arco Atlántico: o incremento dos volumes transportados, as tendencias das industrias do transporte marítimo, ferroviario e por estrada e as tendencias intermodais, así como os custos reais do transporte por estrada e camiño de ferro.

Trala introducción, detállase a situación actual nas rexións e nos catro países que forman parte da RTA e estúdanse as políticas europeas que afectan ao transporte intermodas no Arco Atlántico (autopistas do mar, programa Marco Polo...). Maniféstanse desde xeito as especificidades rexionais referidas á organización do transporte marítimo e intermodas, cunha relación detallada das instalacións, conexións e proxecto de desenvolvemento dos principais portos e plataformas intermodais.

O estudio tamén analiza a situación dos mercados potenciais e da competencia e detalla a organización intermodas en distintos escenarios da área.

Os autores do traballo conclúen que a tendencia actual de promocionar o transporte marítimo de corta distancia e transcontinental representa unha oportunidade para os portos do Arco Atlántico e os

seus hinterland. Para tirar proveito da mesma, cómpre mellorar a capacidade e os servizos, tanto dos portos como das súas áreas de influencia, para o que é necesaria a existencia de redes terrestres intermodais eficientes (camiño de ferro e estrada) conectadas aos portos.

O grupo de traballo tamén apunta outros factores determinantes que contribúen a desenvolver a competitividade do sector marítimo, como son o aumento progresivo do tamaño dos buques, dos contenedores e das cargas transportadas ou a importancia crecente dos servizos e plataformas loxísticas. Unha situación que esixe unha maior flexibilidade entre os diferentes modos de transporte e unha maior integración das redes nacionais e internacionais do transporte ferroviario e por estrada.

Entre as propostas que recolle este estudio cabe salientar as relacionadas coas infraestructuras. Ponse de manifesto a urxencia e a necesidade da posta en marcha da primeira autopista marítima do Oeste europeo. No canto das propostas relacionadas cos servizos de transporte, competencia e mercados, recomiéndase a desincentivación do desenvolvemento do transporte viario de mercadorías, ben con limitacións, ben mediante o fomento de medios de transporte alternativos.

Diante da importancia que cobra o transporte marítimo como alternativa, a RTA decidiu afondar nas conclusións apuntadas neste estudio, particularmente no referido ao ferrocarril como elemento esencial de conexión dos portos atlánticos co hinterland. A segunda parte do traballo estará lista en 2006.

“Transferencia de tecnoloxía e innovación: Chaves da cooperación para as rexións do Arco Atlántico”

Grupo de Traballo: Innovación

Presidente: Jean-Louis Martres, CESR de Aquitania

Poñentes: Fernando Viadero Rueda, CES de Cantabria, e Pierre Cappy, CESR de Limousin.

O estudo analiza as diferencias existentes entre os sistemas nacionais e rexionais de innovación e investigación e constata, en primeiro lugar, que os usos culturais constitúen un elemento diferenciador importante.

O traballo incide tanto no terreo dos equipamentos –aqueles que permiten ás rexións participar no ámbito internacional–, como nas iniciativas de cooperación sectorial ou temática, e persegue sinalar as converxencias, complementariedades e competencias existentes entre as rexións da RTA.


As propostas contidas no estudo artéllanse ao redor dos seguintes temas:

- o respaldo aos esforzos das rexións para converter o desenvolvemento innovador e tecnolóxico nunha estratexia e nun desafío de envergadura.
- o desenvolvemento das cooperaciónns interrexionais e transnacionais en materia de innovación e de transferencia de tecnoloxía.
- a superación de obstáculos para dinamizar as cooperaciónns interrexionais.
- o reforzo á difusión da innovación tecnolóxica no seno das pemes.
- a mellora na coherencia xurídica en materia de innovación e

transferencia de tecnoloxía.


- a mellora no financiamento en materia de innovación.
- o fomento da complementariedade en materia de transferencia de tecnoloxía.
- a imbricación do desenvolvemento das rexións atlánticas na Europa da Innovación.

O Comité de Orientacións da RTA (o seu organismo rector) ten solicitado a este grupo de traballo que continúe co estudo e afonde no exame concreto da investigación, a innovación e a transferencia de tecnoloxía no ámbito das pemes e na mobilidade dos investigadores novos no Arco Atlántico. A continuación do traballo presentarase en 2006.



Organigrama técnico-administrativo

Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha estrutura de técnicos e persoal de administración, que pode resumirse no seguinte organigrama:



● O responsable do **Gabinete da Presidencia** asume as funcións de coordinación final das tarefas do Consello e tamén as relacións externas e de comunicación do organismo. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do secretario xeral, do seguimento do proceso dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e das publicacións do CES.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

O gabinete asume tamén as funcións de coordinación das publicacións institucionais do Consello, entre elas a presente memoria. Como nos dous anos anteriores, optouse pola publicación dun CD-Rom no que se inclúen, a texto completo en formato pdf, todos os traballos aprobados polo Pleno neste ano. Estes traballos poden tamén ser consultados na páxina web do Consello: www.ces-galicia.org.

Na vertente da comunicación externa, a base da política de exteriorización é a publicación dos traballos do Consello e a súa remisión aos líderes de opinión do entorno socioeconómico de Galicia (cargos políticos, parlamentarios, profesores universitarios...) e a institucións de fóra de Galicia (como outros CES, comunidades galegas no exterior...), así como a súa presentación pública –cando se

estima oportuno– a través dos medios de comunicación máis relevantes da comunidade autónoma.

Unha vez aprobado un informe, a súa exteriorización comeza cunha rolda de prensa de presentación aos medios de comunicación, a cargo do presidente do CES-Galicia, que serve para que o conxunto da sociedade teña noticia da opinión do Consello sobre o asunto de que se trate. De seguido, faise un envío da publicación a institucións e persoeiros seleccionados.

Como cada ano, a máxima presenza informativa correspondeu á publicación da “Memoria sobre a situación económica e social de Galicia”, neste caso correspondente a 2004, aínda que por motivos alleos á vontade do Consello. Unha discrepancia entre distintas fontes estatísticas levou aos titulares un traballo de case 400 páxinas no que, ademáis, se salientaron algunhas das consideracións aportadas polos membros do CES.

De boa cabe calificar tamén a repercusión do informe sobre a área funcional da Mariña lucense, que se presentou en Viveiro (Lugo) para achegar o traballo aos medios locais. A presentación contou coa presenza, xunto aos periodistas, dalgúns dos alcaldes dos concellos da zona.

O traballo de presentación aos medios a través das habituais roldas de prensa complementouse, en ocasións, cunha carta persoal dirixida aos directores dos principais medios na que o presidente do CES daba conta da aprobación dun determinado traballo e destacaba a súa importancia informativa. Con esta iniciativa, logrouse que os máximos responsables dos máis importantes diarios, emisoras de

radio e cadeas de televisión tivesen nas súas máns –ademais de nas súas correspondentes redaccións– senllos exemplares dos traballos do Consello.

- O **Gabinete Técnico**, composto por dous expertos economistas, é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e ditames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. A súa función é tratar as referencias estatísticas que se consideren pertinentes para o traballo, analízalas e preparar unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das Comisións Sectoriais.

O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e ditames que, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, elaborara o Consello, agás as correspondentes consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

Dentro das súas funcións está asimesmo a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

- O responsable do **Departamento de Xestión** encárgase de todas as funcións de xestión presupostaria e contable, da contratación de servizos e suministros, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

• O **Centro de Documentación** é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ao Pleno do CES tódolos datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Ter a disposición dos membros do Consello todos os fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis ampla gama de soportes, e xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

O responsable do Centro de Documentación e apoio ó Consello segue a cumprir o seu papel como unha das piezas claves para o correcto e máis eficiente funcionamento do CES. A importancia deste departamento no funcionamento do Consello xustifica a inclusión, de seguido, dun apartado específico para a súa actividade anual.

A súa función é facilitar ós membros do Consello e ó Gabinete Técnico tódolos materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións.

O Centro de Documentación e Apoio ó Consello ofrece información especializada na área socioeconómica aos membros do CES-Galicia e ao persoal técnico deste. Constitúese como un soporte informativo-documental para a elaboración dos informes, ditames e outros traballos realizados polo organismo.

Aínda que o seu obxectivo fundamental é facilitar os últimos e máis fiables datos aos membros do Consello, o Centro de Documentación está aberto a calquera cidadán que necesite dispoñer de infor-

mación especializada na realidade económica e social de Galicia, tanto nos soportes tradicionais como a través das novas tecnoloxías da información. De feito, internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento desde hai varios anos.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

- O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do Centro de Documentación, encárgase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ao traballo diario e mais á relación cos seus membros. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello en internet.

O traballo conxunto dos servizos informáticos e mailo Centro de Documentación permite que, dun xeito case que inmediato, os membros do Consello dispoñan da práctica totalidade da información existente sobre un determinado asunto obxecto de análise por parte do CES e, xa que logo, que as conclusións dos ditames, estudos ou informes que elaboren as distintas comisións e aprobe o CES estean baseados nos datos máis fiables e actualizados.

Calquera membro do Consello pode solicitar do Centro de Documentación a información sobre calquera materia que necesite para os seus traballos. Desde este departamento, ben a través dos fondos propios ou ben, vía rede informática, nas bibliotecas o cen-

tros de datos de calquera parte do mundo, se lle facilitan as principais referencias existentes sobre o asunto. Deste xeito, os membros do Consello teñen á súa disposición as máis importantes bases de datos do mundo desde a pantalla dos ordenadores instalados nas oficinas dos seus grupos na sede do Consello.

- Tres **auxiliares administrativos** técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do Departamento de Xestión e funcionalmente dos responsables das áreas ás que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

O Centro de Documentación en 2005

O Centro de Documentación do CES Galicia estableceuse dende a súa posta en marcha como o servizo básico de información e coñecemento para a realización dos traballos (ditames, informes e memoria socioeconómica) que leva a cabo o Consello.

A consolidación das novas tecnoloxías como canal básico do recurso información obriga ao noso departamento a compaxinar as tradicionais labores de calquera servizo de información cos novos medios e soportes nados ao abeiro desas tecnoloxías, especialmente da rede Internet.

Acadar ese equilibrio entre produtos e soportes tradicionais e

novos modelos de traballo e servizos aos usuarios segue a ser o noso obxectivo fundamental.

O Centro de Documentación como servizo de información

O apoio informativo e documental aos traballos realizados polo persoal técnico e os membros do CES-Galicia, así como as respostas ás demandas externas recibidas por parte de calquera persoa, son os principais traballos que desempeña o Centro de Documentación.

Neste eido, as cifras básicas no 2005 foron estas que seguen:

Peticións de información recibidas:

Peticións de información recibidas no Centro de Documentación do CES Galicia: búsquedas bibliográficas, elaboración de dossiers de información, consultas de referencia...

- Distribución segundo a súa procedencia

Totais	87
Internas (persoal e membros do CES)	
– solicitudes efectuadas	61
– solicitudes respostadas	61
Externas (persoas alleas ao CES)	
– solicitudes efectuadas	26
– solicitudes respostadas	26

Consultas efectuadas polo Centro de Documentación:

Consultas externas realizadas polo Centro de Documentación para responder ás demandas informativas necesarias en relación aos traballos realizados polo CES Galicia.

Consultas totais	
– consultas e peticións efectuadas	123
– consultas e peticións respondadas	83
• Distribución segundo destino	
Elaboración de informes e dictames	
– efectuadas	20
– respondadas	11
Elaboración da Memoria Socioeconómica	
– efectuadas	79
– respondadas	63
Outros traballos e actividades	
– efectuadas	24
– respondadas	9

A colección bibliográfica e a súa xestión

Para responder ás peticións de información recibidas o Centro de Documentación actualiza permanentemente os seus recursos de

información xestionando unha colección documental, en diferentes soportes, orientada á realización dos traballos propios do CES, é dicir, especializada en información socioeconómica da Comunidade Autónoma galega e o seu contexto.

A este respecto, o principal traballo levado a cabo no 2005 foi a substitución de moitas publicacións en papel polas súas versións en formato dixital (principalmente en formato pdf). Con isto, ademáis da mellora física da nosa Biblioteca, favorecese a integración destes fondos dixitais no catálogo bibliográfico, consultable en liña a través da rede interna do CES.

A 31 de decembro de 2005, os datos básicos do fondos do Centro de Documentación do Consello Económico e Social de Galicia son os seguintes:

Fondos bibliográficos

Distribución segundo o seu tipo e soporte

Monografías

(estudios, informes, traballos, publicacións estatísticas, actas de congresos, publicacións colectivas...)	2.390
- papel	2.137
- cd-rom	90
- formato dixital	163

Publicacións periódicas

(revistas e documentos de traballo)	148
- papel	144
- cd-rom	4

O Centro de Documentación outorga especial importancia ás publicacións periódicas, recurso de información que está a sufrir importantes cambios polo auxe dos formatos electrónicos e as repercusións destes na súa xestión e no acceso aos contidos de cada publicación.

Os datos básicos da colección de revistas do CES Galicia a 31 de decembro de 2005 son os seguintes:

Colección de revistas e publicacións periódicas:
Distribución segundo o seu tipo

- revistas	130
- documentos de traballo	15

Distribución segundo a súa actualidade

- títulos abertos	100
- títulos pechadas (xa non se reciben)	45

Distribución segundo o seu modo de ingreso

- de pago (suscripción)	18
- gratuitas (canxe, doazón...)	137

Con sumario dixital
(soamente a través da rede interna do CES-Galicia)

- con sumario dixital disponible	13
----------------------------------	----

O gasto total na adquisición de fondos bibliográficos foi de 1.950 €, dos que 1.052 € corresponderon á renovación e/ou apertura de suscripcións a publicacións periódicas (revistas e documentos de traballo) e os 897 restantes, á adquisición de monografías. Cabe suññar que unha amplísima porcentaxe das publicacións que chegan ao Centro de Documentación o fan por canxe con outros organismos e institucións públicas e privadas.

O Boletín-E, principal produto externo do Centro de Documentación

O principal produto informativo do Centro de Documentación segue a ser o Boletín-E, do que no ano 2005 se fixeron 10 números. En canto aos receptores do Boletín, na actualidade son 196 persoas as que están apuntadas na lista, 29 máis que no ano 2004.


O arquivo de todos os Boletíns publicados pódese consultar na páxina web do CES Galicia.

III Xornadas de Documentación e Comunicación dos CES españois

No eido da cooperación con outros organismos análogos, o CES-Galicia fixo de anfitrión nas Terceiras Xornadas de Documentación e Comunicación nos Consellos Económicos e Sociais Españoles, que tiveron lugar na nosa sede os días 26 e 27 de maio. Participaron 16 profesionais dos ámbitos da comunicación e da información dos CES territoriais.

A ponencia monográfica correu a cargo do profesor da Universidade de Zaragoza Jesús Tramullas, que disertou sobre "Deseño e desenvolvemento de servizos de información e documentación dixitais con ferramentas de software libre". Con ese interesante punto de partida, as 7 restantes comunicacións presentadas abordaron temas de actualidade profesional dos CES, tales como a creación dun directorio institucional, a revisión de proxectos como a base de datos común dos Consellos, a posta en marcha do proxecto Dirisec, o estado actual da xestión da información e a documentación en España, etc.

Ao longo de dous interesantes días os documentalistas dos Consellos intercambiaron experiencias e coñecementos e reforzaron os seus lazos profesionais. Froito dos seus debates, as Xornadas remataron cun texto de conclusións das que destaca principalmente o interés en que os CES reforcen o papel dos xestores de información e que éstos se fagan notar nos mesmos propondo servizos e produtos de valor engadido, a consolidación do proxecto Dirisec como unha ferramenta útil para calquera técnico dos Consellos e calquera usuario interesado en recursos de información socioeconómica e o deseño e desenvolvemento dun portal común aos tecnicos de información e comunicación dos Consellos.



Traballos 2005

Condicionada pola convocatoria da eleccións autonómicas de xuño, a actividade consultiva do Consello Económico e Social de Galicia en 2005 viuse limitada á aprobación de catro ditames, dous a principios do ano e outros dous no último mes. Si que continuou o seu labor coa aprobación de informes e, como cada ano, coa publicación da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2005.

De seguido se recolle unha breve relación destes traballos, que poden atoparse a texto completo neste CD-Rom e na páxina web do Consello.

Ditames

- 1/05 Ditame sobre o anteproxecto de Decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei galega de medidas básicas para a inserción social.
- 2/05 Ditame sobre o anteproxecto de Lei prevención ambiental integrada de Galicia.
- 3/05 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.


- 4/05 Ditame sobre o proxecto Decreto polo que se modifica o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Informes

- 1/05 Informe sobre as áreas funcionais de Galicia.- VI Área funcional da Mariña lucense.
- Consideracións sobre a Avaliación dos efectos económicos provocados polos vertidos de fuel do buque *Prestige* (publicouse xunto co informe da Universidade de Vigo que serviu de base a esas consideracións).
- 2/05 Análise, balance e propostas sobre incendios forestais en Galicia.

Memoria

A Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2005 incorpora varios cambios na súa



estructura e contido para facilitar a análise da realidade socioeconómica de comunidade. Xunto a unha reestructuración do índice, a Memoria 2005 incorpora as aportacións dos membros do Consello, con consideracións concretas, en vez do resumo de contidos que viña recollendo en edicións anteriores.





actividades
DOUSMILCINCO

www.ces-galicia.org